

**Camiñar as rúas  
da zona vella  
da man de  
Roberto Vidal Bolaño**

**MAPA**

**Literario**

DE COMPOSTELA

Esta é unha actividade de descubrimento que se realiza in situ pola zona vella de Compostela. Trátase dun xogo de pistas, que parte dunha premisa inicial que debemos solucionar, desta forma, as persoas que participen descubrirán de forma amena a figura de Roberto Vidal Bolaño á par que percorren as rúas da cidade baixo unha nova visión.

O punto de encontro para comezar este xogo é a Praza de Galicia.

### **Recomendacións e materiais precisos:**

1. Este xogo está pensado para alumnado de secundaria, entre 12 e 16 anos, mais está aberto para todos os públicos.
2. Pode realizarse de forma individual ou en grupos.
3. Para participar necesítase un dispositivo dixital con acceso a internet.
4. Se non coñeces ben a cidade e precisas un rueiro para orientarte, podes solicitalo na Oficina de Turismo, situada na rúa do Vilar, 63.

### **Instrucións:**

1. Estamos ante un xogo de pistas que se desenvolve polas rúas da cidade. Partimos dunha premisa inicial e debemos resolver todas as preguntas propostas para conseguir desvelar o misterio proposto na introdución da actividade.
2. Cada parada contén unha pista, a solución guiarate á seguinte parada.
3. O punto de partida é a Praza de Galicia. Unha vez aí, estás xa na primeira parada e comeza o xogo. Debes resolver a primeira pista e introducir o código descifrado na nosa web a través do QR que atoparás máis abaixo. Se respondes correctamente, avanzas á pista número 2 e así sucesivamente ata resolver o xogo.
4. É importante ler os enunciados con calma e aínda que saibas a resposta, para un mellor aproveitamento, debes desprazarse ata os puntos indicados da cidade. Lembra, que non só é unha actividade de preguntas e respostas, senón que serve para coñecer e vincular a cidade coa literatura.

### **O xogo:**

Benvidos e benvidas a esta actividade na que faredes unha viaxe no tempo e, de man de Roberto Vidal Bolaño teredes que descifrar unha serie de pistas literarias polas rúas da cidade. Preparadas e preparados? É o momento de comezar!

Introduce as túas respostas na nosa web a través do seguinte QR, ou seguindo o link, e alí indicaranche cal é a localización da segunda parada.

<https://i.gal/EscapeCity>



### Parada 1:

- Roberto Vidal Bolaño foi autor, director e actor de teatro compostelán, pioneiro da dramaturxia profesional en Galiza e homenaxeado polo Día das Letras Galegas. Naceu en Vista Alegre o 31 de xullo de 1950 e con 13 anos comezou a traballar en Viaxes Cantabria, cuxas oficinas se atopaban nun famoso edificio modernista situado na Praza de Galicia: o Edificio Castromil. Este edificio foi derrubado en 1975 e actualmente alí podemos atopar o busto dun famoso escritor modernista.
- Pregunta 1: Cal é a última palabra da inscrición que acompaña este busto?

### Parada 2:


- Parabéns, chegastes á segunda parada! Aquí sitúase a Sede do Centro Dramático Galego e Vidal Bolaño foi un pioneiro na dramaturxia profesional. Desde moi novo formou parte de diferentes grupos teatrais e en 1977 crea o Grupo Antroido, a primeira compañía teatral galega profesional.
- Pregunta 2: Con cantos anos tivo Vidal Bolaño a súa primeira experiencia teatral? Para saber a resposta, debes sumar as 4 cifras do ano de nacemento do dramaturgo. Lembra que xa vimos na primeira parada cal era a data do seu nacemento!

### Parada 3:

- Santiago é escenario de varias das obras de Vidal Bolaño como *Doentes*, da que extraemos este fragmento: “Un salón enxaezado de ouros rancios e esfiachados veludos. Un fumo sen oropeis debuxa no aire o sorriso dunha morte ao asexo”. Neste texto fai referencia a un histórico café da rúa do Vilar.
- Pregunta 3: A que histórico café do casco vello se refire? Bulide, percorrede a rúa do Vilar para atopalo!

### Parada 4:

- O Café Casino foi inaugurado en 1837 e desde aquela, aparece como escenario de numerosas obras literarias, por exemplo, en *Los Pazos de Ulloa* de Emilia Pardo Bazán. Outro dos escenarios da obra desta escritora coruñesa é a Casa da Parra, situada na Praza da Quintana.
- Pregunta 4: Cantos chanzos tes que subir desde a Praza da Quintana para chegar ao interior deste edificio? Lembra contar tamén os chanzos de entrada da propia vivenda!
- **Pregunta final:** Vidal Bolaño tamén ambienta en Compostela as súas obras *Ruada das papas e do unto* e *As actas escuras*. Nesta última obra aparecen diversos escenarios como a estación de tren de Cornes, a Catedral, diferentes rúas da zona vella ou mosteiro que atopades nesta praza. Sabedes dicirme o seu nome?



**MAPA** **Literario**  
DE COMPOSTELA